

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2012

Coa finalidade de que o alumnado de Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria de todos os centros escolares de Galicia -públicos, concertados e privados- exprese a súa visión sobre a riqueza da diversidade socio-cultural, a Secretaría Xeral da Emigración, en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, organiza o II Concurso de Debuxo e Pintura 'Un mundo de cor'.

A celebración do concurso é unha oportunidade para que o profesorado achegue ao alumnado o valor da diversidade socio-cultural como forma de enriquecernos e abrírnos a novas realidades, de xeito que exprese o que lle suxire esta a través de manifestacións artísticas como a pintura, polo que lle solicitamos a súa máxima difusión.

Os traballos presentados terán un só autor/a e reflectirán temas relacionados coa integración da poboación inmigrante, a súa contribución ao desenvolvemento de Galicia ou a igualdade existente entre todas as persoas con independencia da súa orixe, raza ou nacionalidade. Estes poderán realizarse con calquera material, técnica e soporte e en calquera tamaño.

No concurso establécense tres categorías (alumnado de 1º, 2º e 3º de Primaria; de 4º, 5º e 6º de Primaria; e da ESO) e os traballos achegaranse á Secretaría Xeral da Emigración, a través da Dirección dos centros escolares ata o 30 de xuño de 2012.

As bases do concurso poden consultarse e obterse na web da Secretaría Xeral da Emigración <http://emigracion.xunta.es> e no boletín informativo editado dixitalmente na web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es/web/boletininformativo. Agradecendo a súa colaboración, aproveitan para saudarlle,

O Subdirector Xeral
da Inmigración


Asdo: Antonio Aguarón Turrientes

O Subdirector Xeral de Ordenación e
Innovación Educativa e Formación do
Profesorado


Asdo: María del Mar López

Máis información: Secretaría Xeral da Emigración. Enderezo electrónico inmigracion.retorno@xunta.es, web de información <http://emigracion.xunta.es>